

ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de 2016 reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto para a contratación das obras de accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase.

ASISTENTES:

Presidente:

José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de obras do Concello.

Vogais:

- Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.
- Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

- **Secretaria:** Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 7 de decembro de 2016, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Deputación Provincial da Coruña deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa SYR-AMG SLU que ofertou unha baixa dun 32,45 % e a presentada por GR Construcciones Obras y Servicios SLU, que ofertou unha baixa do 30,51% estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax (medio elixido polas empresas licitadoras para as comunicacións entre as dúas entidades) á empresa SYR-AMG SLU e a GR Construcciones Obras y Servicios SLU concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada pola empresa requirida a documentación xustificativa da baixa remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa polas empresas requiridas douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da documentación presentada por SUR-AMG SLU e GR Construcciones Obras y Servicios SLU.


A técnica do Concello emite un informe, para cada unha das empresas, con data de 21 de decembro de 2016, que transcritos literalmente dín:



* Pz. Do Concello, nº2, Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA SYR-AMG,SLU RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ªFASE

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 150.000€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 122.711,60 € e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 116.308,21€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 104.677,38€, que supón un 30,21% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

SYR-AMG,SLU: 101.324,90 €[41,00% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta de:

- Declaración de que a empresa basea a viabilidade económica-financieira e técnica da súa proposta económica
- na redución dos gastos xerais e do beneficio industrial e en que teñen persoal e maquinaria propia.

Avaliación da documentación aportada:

Do exame da documentación aportada, compróbase que a empresa basea a viabilidade da oferta presentada nunha afirmación xenérica de que poden reducir os seus gastos xerais e beneficio industrial por tratarse dunha empresa nova en constante crecemento, que ten maquinaria amortizada practicamente na súa totalidade e persoal altamente cualificado .

Non se xustifica en que porcentaxe reducen os gastos xerais e o beneficio industrial e tampouco xustifican o resto de afirmacións.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que os argumentos aducidos por esta consisten en afirmacións xenéricas, non xustificadas adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable".

Polo que respecta ó informe sobre a documentación presentada pola empresa GR Construcciones Obras y Servicios SLU, a técnica do Concello realizou a valoración que transcrita literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA GR, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS,SLU RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO), DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ªFASE,

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado un procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun orzamento de licitación máis IVE de 150.000€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 122.711,60 € e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, a 116.308,21€. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 104.677,38€, que supón un 30,21% de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS ,SLU: 104.234,88 €[30,51% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A documentación que achega a empresa consta dos seguintes apartados:

- Datos do licitador e memoria.
- Volume de obra xa contratado
- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada

Avaliación da documentación aportada:

Xustificación da oferta:

Do exame da xustificación do orzamento da empresa, compróbase que esta reduce as porcentaxes destinadas a gastos xerais e beneficio industrial. En concreto, para gastos xerais destina o 4,0% e para beneficio industrial, o 2,0% do PEM. Non se xustifica esta redución proposta.

Así mesmo, xustifícase que na oferta que eles presentan, poden realizar unha oferta máis baixa que a de proxecto xa que conseguen maiores rendementos que os indicados en proxecto e que os prezos dos materiais que utilizarán son máis baixos que os de proxecto (en concreto os de formigón, zorra artificial, pedra, grava, gravilla e area lavada)

Esta estimación non pode ser cotexada co orzamento do proxecto, posto que na documentación presentada pola empresa non se inclúe unha relación de prezos descompostos nos que figure o rendimento e o prezo dos materiais, da maquinaria e da man de obra por cada partida. Tampouco achegan ofertas de provedores ou compromisos das empresas subministradoras dos materiais anteriormente mencionados.

Compromiso de adscribir medios a obra:

A empresa presenta un compromiso de adscripción á obra de persoal cualificado e presenta os currículos das persoas propostas, así coma un organigrama da empresa para a execución da obra ofertada. Estes datos non son relevantes de cara á execución da obra.

Volume de obra xa contratado

A empresa presenta unha relación de obras públicas realizadas entre os anos 2010 e 2012. Estes datos non son relevantes de cara á execución da obra.

Relación de maquinaria e medios auxiliares propiedade da empresa

O licitador achega un listado de maquinaria de obra que pon a disposición da mesma. Trátase, en xeral, de maquinaria adecuada ás características da obra obxecto de licitación. Estes datos non son relevantes de cara á execución da obra.

Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada

O licitador achega unha declaración do volume anual de negocios entre os anos 2010 de 2015, ambos incluídos. Estes datos non son relevantes de cara á execución da obra.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que non a xustifica adecuadamente, polo que se informa de xeito desfavorable".


Considerando que as empresas SYR-AGM SLU e GR Construcciones, Obras y Servicios SLU non xustificaron a baixa temeraria na que incorreran e polo tanto deben ser excluídas da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Deputación) a deixar constancia da puntuación correspondente ás ofertas económicas das demais empresas presentadas, ó procedemento, e que xa non están incursas en situación de baixa temeraria, segundo consta na acta levantada ó efecto da reunión da mesa de contratación do día 7 de decembro. O resto de empresas admitidas na licitación obtiveron a seguinte puntuación:



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concello@ames.org
www.concello@ames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



Tipo de licitación con IVE: 150.000,00.- Euros

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
ALVAC SA	137.775,00	12,22
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	120.449,99	27,63
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	117.915,00	29,41
CYS HISPANIA SL	118.453,76	29,03
COVIASSTEC SL	127.135,70	21,97
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	112.420,00	33,25
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	120.830,60	27,37
CETA CONTRATAS SL	127.135,70	21,99
SERGONSA SERVICIOS SL	120.242,54	27,78
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	140.985,00	9,28
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	108.945,00	35,67
NORTEMAR SL	142.492,13	7,89
CONSTRUCCIONES NAVILA SL	115.918,00	30,80
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	139.245,00	10,87
CONSTRUCCIONES OREGA SL	136.305,00	13,57
INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPO IAS)	116.982,80	29,06

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:


LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	108.945,00	35,67
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	112.420,00	33,25
CONSTRUCCIONES NAVILA SL	115.918,00	30,80
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	117.915,00	29,41
INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPO IAS)	116.982,80	29,06
CYS HISPANIA SL	118.453,76	29,03
SERGONSA SERVICIOS SL	120.242,54	27,78
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	120.449,99	27,63
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	120.830,60	27,37
CETA CONTRATAS SL	127.135,70	21,99
COVIASSTEC SL	127.135,70	21,97
CONSTRUCCIONES OREGA SL	136.305,00	13,57
ALVAC SA	137.775,00	12,22
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	139.245,00	10,87
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	140.985,00	9,28
NORTEMAR SL	142.492,13	7,89

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas SYR-AMG SLU e GR Construcciones, Obras y Servicios SLU por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreron coa súa proposta económica.

Segundo.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a




adxudicación da realización das obras de accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase á empresa **Excavaciones y Obras Melchor SL** con CIF B-70336482 no prezo de noventa mil trinta e sete euros e dezanove céntimos (**90.037,19.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de dezaioito mil novecentos sete euros e oitenta e un céntimos (**18.907,81.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as catorce horas, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.





PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fómula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún arquivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE

Prezo de Licitación	Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Limite Oferta Temeraria									
150,000.00 €	40 puntos	122,711.60 €	116,308.21 €	104,677.38 €	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total	
					1	ALVAC SA	137,775.00	8.15	1.00	11.22	Non	Si	12.22
					2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	120,449.99	19.70	1.00	26.63	Non	Non	27.63
					3	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	117,915.00	21.39	1.00	28.41	Non	Non	29.41
					4	CYS HISPANIA SL	118,453.76	21.03	1.00	28.03	Non	Non	29.03
					5	COVIASSTEC SL	127,153.50	15.23	1.00	20.97	Non	Non	21.97
					6	OVIGA SL	112,420.00	25.05	1.00	32.25	Non	Non	33.25
					7	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	120,830.60	19.45	1.00	26.37	Non	Non	27.37
					8	CETA CONTRATOS SL	127,135.70	15.24	1.00	20.99	Non	Non	21.99
					9	SERGONSA SERVICIOS SL	120,242.54	19.84	1.00	26.78	Non	Non	27.78
					10	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	140,985.00	6.01	1.00	8.28	Non	Si	9.28
					11	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	108,945.00	27.37	1.00	34.67	Non	Non	35.67
					12	NORTEMAR SL	142,492.13	5.01	1.00	6.89	Non	Si	7.89
					13	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	104,234.88	30.51	1.00	37.97	Si	Non	38.97
					14	CONSTRUCCIONES NAVILA SL	115,918.00	22.72	1.00	29.80	Non	Non	30.80
					15	TERRAUGA OBRAS Y PROYECTOS SL	139,245.00	7.17	1.00	9.87	Non	Si	10.87
					16	CONSTRUCCIONES OREGA SL	136,305.00	9.13	1.00	12.57	Non	Si	13.57
					17	SYR-AMG SLU	101,324.90	32.45	1.00	40.00	Si	Non	41.00
						INTEGRAL ARCHITECTURE							

18 SYSTEMS SL (GRUPO IAS)

116,982.80

22.01

1.00

29.06

Non

Non

30.06

Imprimir

